


Tarefas 5º e 6 de Primaria.

Ola! Como vai todo? Espero que siga todo ben. Esta semana traballaremos as notas musicais, os instrumentos e outros conceptos a modo de repaso para fixar aqueles que puideron quedar algo esquecidos co paso do tempo.

Para iso, accederemos á páxina

<https://clic.xtec.cat/projects/musica2/jclic.js/index.html>



A través deste enlace, accederemos a actividades interactivas. Este tipo de actividades interactivas precisan de ter instalado previamente o Adobe Flash (é gratuíto, e a maioría dos ordenadores o teñen instalado xa).

Unha vez entrado na páxina pulsaremos a frecha “seguinte”, rodeada na imaxe anterior cun círculo azul, e pasaremos a seleccionar o tipo de actividades que queremos facer. Pulsaremos en Instrumentos, onde aparecerán como di o nome actividades de instrumentos que se coñecen ben, ademais de explicacións sobre os mesmos.

Atoparedes exercicios de relacionar sons cos seus instrumentos correspondentes. Para relacionar clickaremos no obxecto e despois levaremos a frecha ata onde nós digamos e clickaremos no que creamos que é o correcto. Tamén atoparemos nesta ligazón puzzles de instrumentos que teremos que organizar para ordenar a foto do mesmo.

Unha vez realizados os exercicios poderemos acceder ao apartado de “Lenguaje Musical” onde poderán facer todas as actividades que hai na mesma agás aquelas que teñen que completarse con palabras.

Agardo que teñades unha boa semana e moita forza!